

# Boletín 4, 2002

## Amigos do Arqueolóxico da Coruña



### Páx. 3.- Asociación:

*A recuperación do Castro de Elviña para A Coruña.*

*El laberinto megalítico: una excursión por la bibliografía gallega.*

Juan Sánchez-Cuenca López. Ldo. en Filosofía.

*Sobre das fontes para o estudo dos muiños de vento da Coruña.*

Begoña Bas (do Museo. Dra. en Historia)

### Páx. 14.- Arquitectura:

*O "Atlantic Hotel". Luxo provinciano nos anos vinte (1ª parte).*

Miguel Silva Suárez. Arquitecto

### Páx 21.- Rutas arqueolóxicas

*ARQUEOLOXÍA E NATUREZA NO COUREL*

Xesús Baños Rodríguez, Guía de Turismo.

### Páx. 23.- Arqueoloxía:

*ARTABRIA, UN PROYECTO EN MARCHA.*

José María Bello Diéguez. Coordinador Científico del Proyecto.



### Páx 21.- Museo

*A DIADEMA DO PARRULO DE CASTRO DE ELVIÑA.*

Por Rosa Brañas. Doctora en Historia.

*Tipo de obxecto: diadema/cinto*

*Localización no museo: vitrina na sala "Tesouro", planta baixa.*

*Ficha Técnica: MAC 113. Dimensións: 39,2 x 3,1 x 0,1 cm. Peso:*

*31,775 gramos*

*Materia: Ouro.*

*Procedencia: Castro de Elviña (A Coruña).*

*Época/cultura: castrexo.*

# A DIADEMA DO PARRULO DE CASTRO DE ELVIÑA (A Coruña)

Rosa Brañas

Bolseira da Consellería de Cultura no Castelo de San Antón

## FICHA TÉCNICA (MAC 113)

Tipo de obxecto: diadema/cinto

Materia: ouro

**Descrición:** banda de lámina rectangular con extremos rematados en dous aneis semicirculares e diferenciada en 3 corpos: unha parte central rectangular calada, con 3 tiras horizontais paralelas decoradas con fíos de filigrana, lisos ou trenzados. Sobre a faixa central consérvase unha figuriña ornitomorfa (o "parrulo") en vulto redondo e a uns 7 mm. o arranque doutra. A parte esquerda presenta unha argola adornada con 2 fíos de filigrana trenzados en cordón dobre, e soldados na chapa dunha lámina limitada en ambos os dous extremos por unha liña vertical de pequenas raías horizontais. A súa decoración divídese en catro bandas limitadas por liñas horizontais de puntos; a superior e a inferior están decoradas con 11 aspas moi desiguais trazadas con liñas de puntos, e as 2 centrais levan impresos 8 círculos con punto central. De seguido, leva un tetrasquel dextroxiro inscrito nunha circunferencia rodeado de puntos resaltados, e 2 círculos con punto central nos ángulos inferiores. Segue outra zona rectangular composta de 3 bandas horizontais, decoradas a superior e a inferior con 7 postas encadeadas recheas de puntillado, e a central con 14 grupos de espigados. Remata esta sección da peza outro círculo co seu tetrasquel, desta volta sen círculos nos ángulos inferiores e cortado na súa circunferencia para xuntarse á parte central da diadema. A parte dereita leva a súa argola no extremo seguido dunha zona rectangular composta por 3 bandas horizontais; a superior e inferior adornadas por 9 rombos pouco uniformes, trazados por liñas de puntos e pequenas raías, dos cales, 9 arriba e 8 abaixo, presentan un punto avultado no centro; e a central con 7 círculos con punto central impresos e 1 punto solto no extremo da franxa. As tres zonas sepáranse por 1 liña de puntos, menos os límites da central, que levan 2. Segue un círculo con tetrasquel como os descritos, pero sinistroxiro; outro panel rectangular presenta as súas 3 faixas divididas por liñas de puntos, as dúas extremas con 7 postas encadeadas coa espiral tamén sinistroxira e recheas de puntos, e a central decorada con 26 agrupacións verticais de raías oblicuas formando un grupo de 13 espigados; de seguido, tocando coa zona central calada, leva outro tetrasquel sinistroxiro, á dereita do cal, na esquina inferior, falta un anaco que a diadema conservaba no momento do seu achado pero que perdeu posteriormente. A parte inferior presenta o arranque duns aneis, distantes 7 mm uns dos outros, que fan supoñer servían para pendurar algún tipo de adorno

**Dimensións:** 39,2 x 3,1 x 0,1. **Peso:** 31,775 grs.

**Procedencia:** Castro de Elviña (A Coruña).


**Época/cultura:** castrexo

**Localización no museo:** vitrina sala "Tesouro", planta baixa.



Ata o momento teñen aparecido na rexión galego-asturiana 7 bandas laminares decoradas que forman un conxunto, homoxéneo dende os puntos de vista tipolóxico, técnico e iconográfico, coñecido como grupo das diademas-cinto castrexas (catálogo en García Vuelta e Perea 2001). Esta denominación composta responde á simple cautela de non prexulgarmos a súa insegura funcionalidade, ben como cinta da cabeza ben da cintura.

No aspecto morfolóxico son de salientar as seguintes características comúns: unha lámina de base, batida, recortada e estampada con predominio na decoración de temas xeométricos; e a presenza de elementos de peche ou suxeición a base de argolas soldadas nos extremos da lámina, con decoración estampada ou de filigrana. Elementos plásticos engadidos, como o



clara, aínda que se ten intentado establecer a dimensión como criterio de identificación: entre 35 e 40 cm. de longo para as diademas e valores superiores para os cintos. Aceptando este criterio, a peza de Elviña incluíriase, por tanto, na categoría "diademas", o que segundo algúns autores (Reboredo 1996: 77) supostamente excluíría a posibilidade de que, como se acepta no caso dos cintos, a fragilidade da lámina fose amortecida mediante o emprego dun soporte elástico (tela ou coiro; posibilidade non excluída por Pérez Outeiriño, 1989: 99). As fontes literarias e arqueolóxicas, pola súa vez, tampouco non permiten inclinárnos nun ou noutro sentido, posto que se as diademas se documentan nos textos clásicos (Estrabón III 3,7: os guerreiros galaicos cinxían con bandas as súas cabeleiras), os cintos aparecen ben representados nas


"parrulo" da peza de Elviña, son excepcionais, como tamén é neste caso a presenza dunha peza central decorada con filigrana intercalada no medio da lámina de base. Sen embargo, o xeito de se inserir esta parte no conxunto da peza, cortando bruscamente os tetrasqueis anexos e respondendo a concepcións técnicas e decorativas diferentes, fixo pensar a algúns autores que a excepcionalidade de tal motivo quizais se explicase por ter sido engadido a posteriori sobre unha lámina máis antiga, que desta maneira se axearía mellor á tipoloxía das diademas-cinto castrexas. O feito, ademais, de ter aparecido fracturada en dous anacos e enrolada coa argola dereita enganchada contra o parrulo (ver foto en Luengo, 1979: lámina III) tamén suxeriu a idea de que a peza puidese ter sido reutilizada como pulseira ou brazaletes. Sen embargo, como xa se dixo, a funcionalidade orixinal destas pezas non está de todo

estatuas de guerreiros galaicos. A falta de novos datos é mellor, por conseguinte, deixar a cuestión en suspenso.

No que atinxe á determinación do seu carácter "feminino" ou "masculino" moito é de temer que tampouco non se poida dar unha resposta decidida. Primeiro, porque as condicións do seu achado non proporcionan información sobre este aspecto. Segundo, porque o emprego de xoias na Antigüidade non funciona como factor de diferenciación sexual (nin sequer as arracadas, tradicionalmente atribuídas a uso exclusivo das mulleres, pero do que hai probas arqueolóxicas en contra). Respecto ás circunstancias do seu achado, dentro do coñecido como "Tesouro de Elviña" (formado ademais por unha gargantilla de ouro, un colar articulado a base de doas e colgante tamén de ouro,

e máis unha doa de pasta vítrea, que nada indican ó efecto), velaquí os datos dos que dispoñemos: o conxunto do Tesouro de Elviña foi atopado en agosto de 1953 cando "traballando nos fondos da vivenda número 24, ó levantar a capa do pavimento formada por terra negra, cinza e fragmentos de cerámica sen decorar, apareciouse un rego na rocha á esquerda do fogar; cando se procedía á súa limpeza descubriuse, entre abundantes restos de cerámica e terra, parte da primeira peza do tesouro que correspondía ó fragmento dereito da diadema. A medida que se ía limpando a rocha, ían aparecendo, tamén entre restos de cerámica e terra, o resto das xoias: o fragmento esquerdo da diadema, as doas dun colar, un colgante e unha gargantilla, todas elas de ouro, e unha pequena doa de pasta vítrea" (Luengo, 1954). Ó tratarse dun depósito non asociado a ningún enxoval funerario, do que se puidese determinar por algún medio o sexo do defunto, as xoias de Elviña son mudas no que se refire ó tema do "xénero".

Ademais, o contexto arqueolóxico no que se insire o achado tampouco non permite resolver as especulacións dos especialistas respecto ó sentido do depósito como tal, nin con respecto á cronoloxía da fabricación das pezas. Sobre esta, as diferentes propostas sitúannos nun espectro temporal tan amplo que é difícil precisar máis do que supón situalo na segunda Idade de Ferro (dende o século VI a.C. ata o cambio de era). No que atinxe á data de deposición, o único comprobado é o seu contexto galaico-romano, pois como tal interpretou Luengo o nivel de ocupación da pequena casa castrexa na que se atopou o tesouro. Polo demais, os motivos da ocultación son de todo descoñecidos. As interpretacións ofrecidas relaciónano cun momento de inseguridade política, coincidindo quizais coas primeiras campañas militares romanas emprendidas contra os galaicos entre a segunda metade do século II a.C. e as Guerras Cántabras, xa preto do cambio de era, cando as lexións romanas adoitaban extorsionar ás poboacións indíxenas. O problema de por qué razón non se tería recuperado o tesouro tras os conflitos que provocarían a súa ocultación, non está resolto. Como hai que ter en conta o feito de que o tesouro de Elviña non é ningunha excepción, senón que xa é considerable o número de tesouros e xoias soltas (especialmente torques) atopados, non parece moi convincente a idea de que fosen esquecidos ou que se mantivesen como unha especie de reserva de riqueza nunca desamortizada. Unha explicación máis verosímil, ó meu ver, é consideralos como depósitos de santuario ou votivos, é dicir, bens ofrecidos ós deuses dos que a recuperación sería impensable por canto esta acción suporía de profanación ou sacrilexio. Isto non quere dicir que a forte carga



simbólica dos motivos iconográficos da nosa diadema (comúns na cultura material dos castros do NO e congruente dentro do grupo de diademas-cinto castrexas: tetrasqueis, postas encadeadas, fíos entrelazados, omítomorfos, etc.), destíne a xoia a un propósito exclusivamente votivo. Isto non só por presentar as xoias de Elviña evidentes pegadas de uso, senón porque o habitual na protohistoria europea en xeral é que os bens valiosos, de prestixio por definición, sexan obxecto tanto de exhibición como de intercambio, regalo ou ofrenda. Polo demais, fose cal for o destino do tesouro de Elviña, non cabe dúbida de que os seus motivos expresan ideas relixiosas: sobre a ordenación cósmica (así soen interpretarse os tetrasqueis), o Máis Alá (omítomorfos), etc., o cal, dada a omnipresencia do máxico e o transcendental na mentalidade dos antigos, tampouco non é dicir moito. Afondar máis no significado concreto da composición iconográfica da diadema do parrulo é un problema ó que non axudan nin a falta de paralelos nin o predominio dos motivos xeométricos.

**BIBLIOGRAFÍA:**  
 BALSEIRO GARCÍA, A., 2000: Diademas áurea prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadea/Moñes. Servicio Publicaciones Deputación Provincial de Lugo.  
 FARIÑA, F., 1991: "Tesouro de Elviña". Catálogo da Exposición Galicia no Tempo, Santiago de Compostela.  
 GARCÍA VUELTA, O. e PEREA, A., 2001: "Las diademas-cinturón castrexas: El conjunto con decoración figurada de Moñes (Villamayor, Piloña, Asturias)". Archivo Español de Arqueología 74 (p.3-23).  
 LUENGO, J.M., 1954-55: "Noticia sobre las excavaciones del Castro de Elviña". Noticiario Arqueológico Hispánico III-IV (p. 90-101).  
 - 1979: "El Tesoro de Elviña y tres torques corruñeses". Trabajos de Prehistoria, XXXVI (p.213-227).  
 PÉREZ OUTEIRIÑO, B., 1989: "Orfebrería Castreña", en El Oro en la España Prerromana. Revista de Arqueología, Madrid (p.90-107).  
 REBOREDO CANOSA, N., 1996: "El tesoro de Elviña". Catálogo da Exposición El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia. Museo e Deputación de Lugo (p.71-86).